- 9008 (10/POP-001188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda á Administración de xustiza da elaboración dun protocolo de actuación para avaliar os resultados da aplicación do sistema de comunicación das resolucións xudiciais co dobre modelo que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos pola cidadanía

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 9130 (10/PUP-000081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlle resposta ás demandas dos doentes que padecen atrofia muscular espiñal, en especial, no referido á administración do novo fármaco denominado Nusinersen/Spinraza

- 9131 (10/PUP-000082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a posición do Goberno galego respecto do requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia en relación co Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

- 9140 (10/PUP-000083)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural respecto dos efectos das xeadas da última semana de abril de 2017 no sector vitivinícola galego, así como as medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores

- 9170 (10/PUP-000084)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do prazo e da información facilitada aos centros para a realización e preparación no curso escolar 2016-2017 das probas das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 9120 (10/POPX-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a venda por Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas

- 9167 (10/POPX-000035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en materia de infraestruturas

- 9168 (10/POPX-000036)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre os intereses defendidos polo Goberno galego nas decisións referidas aos temas transcendentales para Galicia

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Marian García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O Programa de Apoio á Natalidade (PAN) posto en marcha polo Goberno galego co obxectivo de apoiar e protexer ás familias e contribuír á revitalización demográfica e ó recambio xeracional incluía entre as súas medidas a posta en marcha do Bono Concilia.

O Bono Concilia é, ao igual que as Casas Niño, un programa pioneiro en Galicia que, en termos xerais, consiste nunha axuda directa ás familias para colaborar no pago dunha praza de escola infantil naqueles casos nos que os cativos, de idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos, non obtiveran praza nun centro financiado con fondos públicos.

O importe da achega, que se concede por un período máximo de 11 meses, establécese, segundo as bases establecidas na orde que regula a súa concesión, en función da renda per cápita da unidade familiar.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

-Cantas familias se benefician do Bono Concilia con cargo á orde correspondente á anualidade de 2016?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 05/05/2017 15:53:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/05/2017 15:54:01

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/05/2017 15:54:08

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 05/05/2017 15:54:17

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/05/2017 15:54:24

Marta Rodriguez Arias na data 05/05/2017 15:54:34

María Soraya Salorio Porral na data 05/05/2017 15:54:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/05/2017 15:54:55



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 10:56
Nº Rexistro: 8744
Data envío: 08/05/2017 10:56:34.822

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás previsións da Consellería para a construción dun pavillón deportivo no CEIP Julio Gurriarán do Barco de Valdeorras.

Desde maio de 2016 a comunidade educativa do CEIP “Julio Gurriarán Canalejas” do Barco de Valdeorras comezou unha campaña de mobilizacións para reclamar un pavillón de deportes para o centro. Neste sentido, é de salientar que este CEIP é o único da comarca que non conta con pavillón deportivo. Por este motivo, ao non dispoñer dun pavillón deportivo cuberto, as clases de Educación Física desenvólvense, por veces, no salón de actos que tamén se utiliza para outras moitas actividades escolares e mesmo extraescolares; Outras veces, o alumnado desprázase ao Polideportivo municipal para poder levar adiante estas clases de educación física.

A comunidade educativa deste CEIP entende que resulta moi necesario a construción dun polideportivo cuberto para poder levar adiante unhas clases de educación física con parámetros de calidade e á altura dos tempos que corren; por esa razón manifestan a súa determinación a seguir reclamando unha infraestrutura que consideran fundamental, que foi prometida por parte da administración educativa sen chegar a verificarse.

Diante das mobilizacións da comunidade educativa, xa hai máis dun ano apareceron noticias en prensa que afirmaban que a Consellería de Educación está a traballar nun proxecto de construción dun pavillón no CEIP Julio Gurriarán do Barco.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 10:56
Nº Rexistro: 8744
Data envío: 08/05/2017 10:56:34.822

Diante destas noticias a comunidade educativa afirma estar farta de promesas incumpridas por parte da Xunta de Galiza. Mesmo manifestan a súa disposición a seguir mobilizándose para reclamar unha infraestrutura que consideran fundamental para o CEIP.

O Grupo Parlamentar do BNG considera fundamental o garantir unha educación pública e de calidade e por esa razón comparte a reclamación da Comunidade educativa deste CEIP do Barco.

Estas son as razóns polas que se formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que solución contempla o goberno galego diante dun ano máis de inexistencia dun pavillón cuberto no CEIP Julio Gurriarán Canalejas?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 10:56
Nº Rexistro: 8744
Data envío: 08/05/2017 10:56:34.822

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2017 10:52:47

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2017 10:52:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2017 10:53:09

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2017 10:53:26

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2017 10:53:36

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2017 10:53:40

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao cumprimento da legalidade no que atinxe á cementeira de Castro en Narón.

No ano 2013 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estimaba o recurso interposto pola Asociación de Veciños-Os Cruceiros sobre a ilegalidade na instalación e funcionamento da cementeira de Narón, sentenza que veu a ratificar o propio Tribunal Supremo en 2015, deixando sen efecto a autorización ambiental outorgada no seu día polo departamento da Xunta de Galicia.

O proceso xudicial foi iniciado pola Asociación de Veciños, ante o silencio administrativo da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental que outorgara autorización ambiental integrada e formulara declaración de impacto ambiental respecto das instalacións, almacenamento e expedición de cemento proxectada pola empresa cementeira en Castro.

Ditas sentenzas, traen conta dunha loita por parte da Asociación de veciños, que levou a que xa no ano 2009 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia se pronunciase en contra da aprobación do Plan de Sectorización por parte da Administración local e que veu a substituír o uso residencial da zona por un uso industrial exclusivo considerando, o TSXG no 2009 e o Tribunal Supremo no 2012, unha vulneración do principio de xerarquía normativa ao pretender modificar un Plan Xeral cun Plan de Sectorización.



Con todo, a día de hoxe, dita empresa está en funcionamento de xeito ilegal e non temos constancia de que a Xunta levase a cabo rectificación da decisión tomada no seu día, restaurado o dano feito en cumprimento da legalidade, tal e como prometera a Conselleira na pasada Lexislatura.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cales son as medidas que levou a cabo a Consellería, tal e como se comprometera a Conselleira, en relación á problemática coa cementeira de Narón e o cumprimento da legalidade?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/05/2017 12:41:11



Marcos Cal Ogando na data 08/05/2017 12:41:25

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez e María Dolores Toja Suárez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A actividade de extracción do percebe está regulada de forma que se consideran dúas vías para a extracción: a flote e a pé. Esta regulación atópase explicitada na Orde do 30 de decembro de 2015, de regulación de explotacións dos recursos específicos (DOG, xoves 21 de xaneiro de 2016).

Existe inquietude nos colectivos de percebeiros e percebeiras sobre a interpretación desta regulación acerca da súa actividade. Estanse a dar casos que impiden, de maneira aparentemente discrecional, o exercicio da actividade a moitos traballadores e traballadoras da extracción do percebe, tanto dos que o fan a pe como a flote. Esta situación provoca unha enorme dificultade para as persoas que traballan no sector, producíndose escenarios de conflictividade que prexudican aos traballadores e traballadoras, á imaxe do sector e ao impacto e repercusión económica do mesmo pola afectación que ten sobre a calidade e prezo do produto.

Un escenario paradigmático sobre a situación estase a dar na Confraría de Pescadores a Anunciada de Baiona, na que existen casos nos que se están a recibir advertencias escritas, dende a segunda metade do ano 2016, que indican incumprimento da Lei de pesca de Galicia (Lei 11/2008) no seu artigo 136.b.2 que sinala como falta leve: *o incumprimento das normas dos plans de xestión aprobados pola Consellería competente*. Non entanto en ningún momento se explicita que aspecto, cuestión, artigo, punto ou apartado do plan de xestión se incumpre. Paralelamente, distintos órganos implicados ofrecen resolucións que amparan o cumprimento das normativas por parte dos traballadores do sector, como a recente resolución da Capitanía Marítima de Vigo (03.03.2017) que, refrendando a Lei de navegación marítima, sostén que “a dirección técnica de calquera buque ou embarcación recae sobre o capitán ou patrón da mesma”.

Grupo Parlamentario

Nos últimos meses, o Grupo Socialista no Parlamento de Galicia ten preguntado ao Goberno galego en dúas ocasións por esta situación, tanto no Pleno directamente á conselleira do Mar (Pleno do Parlamento de Galicia, 27 de decembro de 2016) como á directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, do 20 de xaneiro de 2017). Nestas preguntas ao Goberno, tras ser recoñecida a existencia desta situación e as advertencias de sancións ou sancións efectivas, non foi aclarado en ningún caso nin o motivo destas, nin as perspectivas de resolución que ten a Consellería ante a conflitividade desatada por esta cuestión.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previstas o Goberno galego para solventar a conflitividade no sector, especialmente naqueles lugares onde as discrepancias está impedindo traballar a unha parte deste sector extractivo?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Abel Losada Alvarez

María Dolores Toja Suárez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2017 13:49:35

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/05/2017 13:49:40

María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2017 13:49:46



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a supresión das liñas de transporte terrestre e o novo Plan de transporte de Galiza.

A Consellaría de Infraestruturas anunciou que a Xunta está a traballar no novo Plan do transporte perante a inminente caducidade das actuais concesións. Iso suporá a desaparición de até 578 liñas de autobús existentes actualmente no noso país. A maior parte delas nas comarcas de Ourense (onde desaparecerán o 81%) e Lugo (-63%).

Segundo a conselleira, Ethel Vázquez, o Goberno galego está a traballar nunha reordenación das liñas e na procura de alternativas toda vez que as compañías de transporte aseguran non lles ser rendíbel en moitos casos o que, cumpre lembrar, supón un servizo fundamental para a poboación galega, nomeadamente aquela que vive no rural e na montaña.

Neste senso, Infraestruturas di valorar como alternativa incorporar e mesmo combinar os taxis, os microbús e/ou o denominado “transporte a demanda”.

A desaparición prevista das liñas de autobús que se iniciaría a partir de agosto de 2017 suporá un grave prexuízo para a poboación do noso país cuxa vertebración territorial é moi precaria ficando numerosas localidades e parroquias illadas.

Mais non só, tamén se prevé mudanzas no servizo e frecuencias entre cabeceiras de comarca e as principais cidades, por exemplo, entre A Fonsagrada e Lugo ou as cidades de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lugo e Ourense; alén da afectación de maneira combinada, caso da Mariña, pola supresión do servizo de autobús e o desmantelamento do tren de proximidade (antigo FEVE).

Porén, a desaparición destas liñas non é un feito casual senón que resulta, entre outras cuestións, da demora e incapacidade manifesta da Xunta de Galiza por abordar, con perspectivas de futuro e unha visión integral, a problemática do transporte terrestre no país para alén do feito de se ter declarada ilegal a prórroga outorgada en 2011 ás empresas concesionarias por parte do Tribunal Supremo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

En que consiste o novo Plan de transporte no que está a traballar a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2017 17:51:16

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2017 17:51:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2017 17:51:27

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2017 17:51:31

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2017 17:51:33

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2017 17:51:36

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Disposición adicional 1ª da Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, establece o seguinte: “*Cada cinco anos, como máximo, sen prexuízo da iniciativa parlamentaria correspondente, a Mesa do Parlamento de Galicia designará unha Comisión, integrada por membros dos diversos grupos parlamentarios da Cámara, a fin de elaborar un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da presente lei e de aquelas normas que se estimen necesarias para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil propio de Galicia*”.

Eses 5 anos de prazo máximo xa se cumpriron no mes de xuño de 2011 e nada se ten impulsado por parte do Goberno galego, agás a celebración de dúas reunións dunha Comisión de Expertos en agosto e setembro de 2010 para establecer un calendario e para decidir cales serían as ponencias técnicas e unha terceira en febreiro de 2011, que foi a última. Estamos en 2017 e seguimos sen nada máis.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai presentar o Goberno galego un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da Lei de Dereito Civil de Galicia e daquelas normas para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil propio da nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2017 18:00:33

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/05/2017 18:00:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2017 18:00:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Todos lembramos o grande incendio que o pasado verán afectaba aos concellos de Arbo, Crecente e As Neves, na provincia de Pontevedra.

Como consecuencia daquel tremendo lume, a Consellería de Medio Rural prometera moitas cousas ás comunidades de montes afectadas, promesas que logo non se cumpriron. Prometera o tratamento dos restos de corta en zonas de non convenio coa Administración forestal e tamén traballos de eliminación de restos vexetais.

Pero o único que fixo finalmente foron traballos de trituración de restos de madeira non comercial en zonas conveniadas (e non en toda a extensión) e cortas e vendas sen ningún tipo de organización, polo que, na zona, hai centos de pilas de madeira cargadas sen se poder transportar. A maiores, a propia consellería convocou en setembro de 2016 e para 2016 -a través dunha orde- axudas para o tratamento de restos de madeira non comercial, con determinadas condicións, como que a superficie a solicitar no exceda de 15 hectáreas por comunidade (superficie ridícula en moitos casos) ou cun orzamento máximo por hectárea de 1000 euros (que, no caso de existir arbolado, é un prezo moi baixo).

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre o Goberno galego que as axudas da Orde do 22 de setembro de 2016, para o tratamento de restos de madeira non comercial, foron suficientes?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2017 18:02:26

José Antonio Quiroga Díaz na data 08/05/2017 18:02:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/05/2017 18:02:38

Raúl Fernández Fernández na data 08/05/2017 18:02:44

María Luisa Pierres López na data 08/05/2017 18:02:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Ánxeles Cuña Bóveda e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate en **Pleno**.

A contaminación do río Limia é unha realidade, produto de moitos anos de vertidos de industrias e actividades agrícolas, gandeiras e de tratamentos de residuos gandeiros o longo da súa canle, por mor da actividade da extracción mineira (areeiros) e dos abonos na súa parte desecada.

Esta situación ven acompañada dunha continua negación por parte da Consellería de Sanidade e da Confederación Hidrográfica, so admitida recentemente de xeito mínimo, cando nos atopamos diante das maiores contaminacións fluviais de toda a Unión Europea.

Esta situación ven de arruinar a pequena actividade turística existente a carón do encoro no concello de Muíños e de Bande, e esténdese de forma alarmante o resto do curso do río Limia, podendo xa observarse os seus efectos no encoro de Lindoso e acercándose perigosamente as poboacións portuguesas de Ponte da Barca e Ponte de Lima.

No ano 2012 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil encargou un informe sobre o estado das augas o Laboratorio de Biogeoquímica de Isótopos Estables do CSIC e obtivo informes demoledores no 2014, chegando a conclusión de que a carga gandeira da comarca da Limia e o nulo tratamento que se lle da os residuos son a causante das cianobacterias aparecidas o longo do río Limia.



Deste estudo desprendeuse que agora mesmo, os datos de nitrato destas augas son os máis altos do mundo, sendo o medio natural capaz de eliminar por si so un 20% destes residuos.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten pensado acometer a Xunta de Galicia no río Limia ante o seu elevado grao de contaminación?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Ánxeles Cuña Bóveda,

Antón Sánchez García

Deputados e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/05/2017 18:45:51

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/05/2017 18:46:01

Antón Sánchez García na data 08/05/2017 18:46:10

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No mes de febreiro deste ano reuníanse o vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra, coa fin de tratar o asunto de financiamento do proxecto de estación intermodal para a cidade.

O proxecto de estación intermodal xa vén de vello. Consiste en acadar que Pontevedra teña conexión entre as estacións de trens e autobuses, ademais da unión desta segunda estación coa nova avenida Josefina Arruti a través dun ramal e da creación dun gran espazo con aparcamento para dar servizo entre as dúas estacións. Polo visto, a proposta da Xunta de Galicia é a instalación dunha pérgola de conexión peonil duns 100 metros (descartando entón un túnel ou unha pasarela elevada).

A cuestión está en que o Goberno galego axude a cofinanciar, xunto co concello, esta obra. Mais dende o mes de febreiro nada se sabe e ocorre que o Proxecto de lei de orzamentos do Estado nada di e a Lei de orzamentos da Xunta de Galicia só destina 100.000 euros en 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como ten previsto o Goberno galego facer efectiva a intermodalidade entre as estacións de trens e autobuses de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 13:43:18

Raúl Fernández Fernández na data 09/05/2017 13:43:24

María Luisa Pierres López na data 09/05/2017 13:43:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A ría de Arousa resulta de importancia capital para o sector marisqueiro de Galicia, pola súa alta produtividade e, por tanto, a repercusión que a actividade do sector ten para esa comarca e para o resto de Galicia de maneira indirecta.

Dentro da ría, a zona dos Lombos do Ulla supón un espazo determinante para desenvolvemento de toda a actividade extractiva. Coa chegada das épocas de libre marisqueo, este espazo dos lombos vese ateigado de embarcacións que traballan á procura de produto. Non entanto, o mantemento da zona a través de tarefas de rexeneración, e a planificación sobre os tempos do libre marisqueo, supoñen unha das demandas máis importantes de traballadores/as e confrarías.

A meirande parte dos patróns maiores da ría veñen demandando nos últimos tempos algunhas medidas que contribúan a mellorar a produtividade da zona. De xeito específico, existe a proposta de recuperar os antigos canais que existían nos Lombos do Ulla, para así poder navegar baixamares, retirando area que existe en grandes cantidades agora mesmo e impide o paso das embarcacións.

Tanto a falta de planificación sobre os tempos do libre marisqueo como o retraso nas tarefas de rexeneración e retirada de area impiden un traballo efectivo e produtivo nos lombos, o que provoca tanto unha moi baixa ou nula produtividade para os/as mariscadores/as, como a tendencia de moitas das embarcacións a desprazarse ás zonas de Bohido e Cabío, provocando tamén saturacións nestes lugares.

Os orzamentos de 2017 non avanzaron ningunha partida específica para unha intervención que os patróns maiores, en nome do sector, demandan

Grupo Parlamentario

insistentemente. O Grupo Parlamentario Socialista presentou emenda específica aos orzamentos da Consellería de Mar para solicitar a rexeneración deste lugar, pero foi rexeitada polo Partido Popular. De maneira continuada os patróns maiores da ría veñen solicitando xuntanzas con representantes da Consellería do Mar, sendo estas demoradas ou non respondidas, o que produce inqueda e malestar no sector.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai realizar as intervencións necesarias a Xunta de Galicia sobre a zona dos Lombos do Ulla, como lle veñen solicitando as confrarías de pescadores, e como foi proposto polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, para contribuír á rexeneración do lugar e á mellora da produtividade para o sector marisqueiro?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/05/2017 14:09:20

María Dolores Toja Suárez na data 09/05/2017 14:09:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 14:09:33

Raúl Fernández Fernández na data 09/05/2017 14:09:40

María Luisa Pierres López na data 09/05/2017 14:09:46

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Internet tense convertido nunha realidade omnipresente na nosa vida persoal e colectiva, tanto que cómpre traballar no pulo da garantía dos dereitos da cidadanía nese mundo.

A propia UE ten previsto un futuro regulamento (que entrará en vigor en maio de 2018) sobre transparencia e *open data*, o que pon de manifesto o fundamental de internet para as vidas das persoas.

Non obstante, en España, a CE de 1978 (no seu artigo 18) evidencia claras limitacións para atender ás necesidades actuais de garantía dos dereitos dixitais da cidadanía, tamén despois da súa morte ou cando a súa capacidade é xudicialmente modificada, xa que estamos a falar de dereitos persoalísimos, polo que a extinción das contornas dixitais só pode ser feita pola persoa mesma. Non só a Constitución, incluso a lexislación nacional vixente en materia de sucesións non dá resposta a estas cuestións, polo que convén entón establecer unhas normas que permitan determinar a cada persoa como debe administrar o seu legado persoal en relación cos seus dereitos dixitais, é dicir, despois da morte ou cando a súa capacidade é xudicialmente modificada.

E nesta materia de dereitos dixitais, a lexislación galega non é unha excepción: a Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, regula a sucesión por causa de morte no seu Título X, pero nada di sobre as vontades dixitais das persoas, que se poderían regular a través dalgunha das formas de testamento que a propia lei regula, mediante pactos sucesorios ou incluso a través das disposicións testamentarias especiais.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre o Goberno galego que a lexislación civil é limitada na garantía dos dereitos dixitais da cidadanía?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 17:04:41

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/05/2017 17:04:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/05/2017 17:04:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira, deputados do **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no Artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno.**

Diversos colectivos de traballadores do sector do ferrocarril veñen de denunciar a supresión por parte de RENFE de dous vagóns dormitorio do tren nocturno que une Madrid con Galicia. Esta supresión supón que fronte as 192 prazas que tiña este convoi en 2014, cando se unen as distribucións procedentes do norte e sur de Galicia, pasase a un total de 108 prazas logo desta última supresión dun vagón en cada tren con prazas de cama.

Esta decisión parece enmarcada no obxectivo de RENFE de deixar a Galicia sen este servizo pola vía de facelo pouco atractivo para os usuarios e, polo tanto, ir fabricando a escusa para a súa supresión definitiva. Primando que Galicia apenas conte cun futuro tren de velocidade alta, si algún día se cumpren as promesas dos distintos ministros de fomento, e o eixo atlántico, case como únicas ofertas ferroviarias para o país, o que é un erro na planificación estratéxica do noso territorio, que precisa de máis e mellores conexións interiores que vertebran Galicia, e unha diversidade de conexións co exterior.

Galicia, unha vez máis, é a grande sacrificada neste proceso de desmantelamento dos servizos que non teñen a ver coa alta velocidade, escatimando incluso na seguridade dos nosos usuarios, non podemos esquecer os dous accidentes sufridos no últimos tempos no territorio, e as continuas negativas a constituír as comisións de investigación pertinentes.



Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que vai facer a Xunta de Galicia para impedir que se supriman os vagóns dormitorio dos trens hotel nocturnos das liñas que unen Ferrol-A Coruña-Monforte e Pontevedra-Vigo-Ourense con Madrid?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 09/05/2017 17:09:35

Antón Sánchez García na data 09/05/2017 17:09:43

Luis Villares Naveira na data 09/05/2017 17:09:50

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Álvarez e Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En Galicia existen 53 comarcas: 18 na provincia da Coruña, 13 na de Lugo, 12 na de Ourense e 10 na provincia de Pontevedra. Cada un coas súas características, orografía, particularidades naturais e monumentos arquitectónicos. Así pois, cada unha dependente dunha economía, dun calendario e dunha peculiaridade propia.

Entre elas, por exemplo, a Costa da Morte, ofrece un xeodestino turístico en auxe debido ás características únicas da súa natureza, como son as súas praias e a costa. Pero tamén en canto ao seu patrimonio, cultura, gastronomía, etc.

O bo tempo e o esforzo realizado polos concellos en canto a programación de actividades axudou a que esta Semana Santa se rexistrasen uns datos moi positivos en número de visitantes a esta comarca. Para o próximo festivo do día 1 de maio tamén se prevé un elevado número de visitantes.

Unha das deficiencias detectadas ao longo deste período vacacional é a resultante das condicións establecidas nas bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados turísticos e a xeodestinos de Galicia, que limitan as posibilidades de contratación de persoal nas oficinas de turismo a unicamente os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, é dicir, dende o 15 de xuño ao 15 de setembro.

Trátase dun modelo desfasado e insuficiente que non se corresponde coa corrente real de visitantes aos concellos, para facer a iniciativa extensible a outros concellos que sofren os mesmos problemas, e que impide que se poida ofrecer un servizo de calidade con comodidade. Faise preciso, polo tanto, un modelo que responda ás necesidades reais e aporte flexibilidade, de modo que os concellos podan realizar estas contratacións fixando, de acordo coas súas necesidades, as datas que requirirán deste servizo, que non necesariamente son as mesmas en todos os concellos.

Por todo isto as deputadas e os deputados que asinan preguntan:



Grupo Parlamentario

Que medidas ten previsto levar a cabo o Goberno galego para adaptar as subvencións á contratación de persoal nas oficinas de turismo ás necesidades reais dos concellos declarados turísticos e a xeodestinos de Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/05/2017 17:36:38

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/05/2017 17:36:50

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/05/2017 17:37:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/05/2017 17:37:11

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación do sector lácteo en Galicia está a facer moi difícil a sustentabilidade das explotacións. E iso, a pesar de que en España só se produce o 78 % do que se consume (Declaracións obrigatorias do sector vacún de leite de maio de 2016), e que Galicia é un territorio onde, as súas condicións naturais, mostran maior disposición para esta produción. Se a esta situación de crise láctea engádese que esta se abate sobre un sector vertebrador e estabilizador dun territorio cun alto nivel de despoboamento onde o inverno demográfico está a poñer en risco a propia estabilidade territorial, apréciase máis aínda a necesidade de acometer medidas estruturais para o seu mantemento viable.

A raíz do novo escenario de liberalización do mercado imposto pola desaparición en abril de 2015 das cotas lácteas, no ano 2016 en Galicia, dun total de algo máis de 9.000 explotacións, perdéronse case 600 explotacións, e entre xaneiro e marzo de 2017 perdéronse 75 explotacións máis, segundo datos do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.

O prezo medio de venda en España leva descendendo desde ao ano 2013, e a pesar das medidas adoptadas pola Comisión, aínda non mostra ningunha tendencia cara á recuperación.

A etiquetaxe nos produtos lácteos cumpre unha dobre función. Por unha banda, infórmanos da súa calidade e por outra permítenos coñecer as súas características principais. Debemos saber que todos os fabricantes deben cumprir cos requisitos da normativa vixente respecto á etiquetaxe.

Nunha boa etiquetaxe, nunca deben faltar nin a denominación do produto, a súa lista de ingredientes, o seu modo de emprego, o seu peso ou volume, as condicións de conservación, o lote ao que pertence o produto, a súa data de caducidade ou consumo preferente, a identificación da empresa e a súa etiqueta nutricional nos casos en que sexa obrigatorio.



 Grupo Parlamentario

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En que situación se atopa a identificación de orixe no etiquetado da procedencia do leite e derivados lácteos?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/05/2017 13:09:18

José Antonio Quiroga Díaz na data 10/05/2017 13:09:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre a contaminación do río Pesqueiras ao seu paso polo Concello de O Saviñao.

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/05/2017 12:38:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os datos estatísticos indícanos que Galicia está sufrindo un intenso proceso de exclusión financeira que afecta a dúzias de concellos e miles de persoas, un proceso que de forma paralela se da no conxunto do Estado. Segundo o artigo académico titulado “El acceso a los servicios bancarios en España. El impacto de la reducción del número de oficinas” e elaborado polo Ivie, no 2015 había en España 1.127.853 habitantes (o 26% do total) sen acceso a unha sucursal bancaria no seu municipio de residencia. No caso galego, dita poboación superaba as 61.000 persoas, o que equivale aproximadamente o 2,2% do total. Destaca o caso de Ourense con 30.313 persoas que non teñen acceso a ningunha oficina bancaria no seu Concello.

Cando nos centramos no número de Concellos que viron desaparecer as oficinas bancarias, segundo o informe sinalado no parágrafo anterior, acadaron os 41. Así, a provincia da Coruña mantiña 11 concellos sen oficinas bancarias, Lugo 4, Ourense 25 e Pontevedra 1. Son datos que se corresponden a 2015 e polo tanto non permiten coñecer a situación real do proceso de exclusión financeira que se agravou dende entón.

Ben é certo que durante os últimos anos da fase de expansión económica, 2006-2009, en Galicia o número de oficinas bancarias superaban as 2.500. Mais a partir do 2009, e coincidindo co proceso de reestruturación bancaria que implicou a bancarización das caixas de aforro, o número de oficinas bancarias na nosa Comunidade Autónoma comezou a decrecer moi intensamente. Deste xeito



a comezos do 2017, Galicia contaba con 1.599 oficinas, una redución do 36% en 8 anos. Para poder comprender a dimensión de tal fenómeno, pódese indicar que en 1978 existían en Galicia 1.668 oficinas bancarias isto é, 69 oficinas máis que na actualidade. A este fenómeno habería que engadirle a perda de emprego xerado, que dende que comezou o proceso de reestruturación bancaria está cuantificado en 6.000 traballadores menos no sector.

O exposto anteriormente deriva pois nun proceso de exclusión financeira coas súas correspondentes consecuencias sociais e económicas. O acceso ao mercado financeiro supón un aspecto clave na vida económica dos cidadáns e na dinamización do sistema produtivo, polo que a exclusión financeira pode fomentar a marxinalización de diferentes grupos sociais e, polo tanto, promover o empobrecemento dun territorio. O acceso o sistema financeiro, sen ningún tipo de exclusión, debe ser un dereito para toda a poboación e a privación de tal dereito supón o empeoramento das condicións de vida para dita poboación.

Como se dixo, os datos utilizados refírense ao final de 2015, pero a exclusión financeira seguiu medrando ata o día de hoxe, polo que o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Cal é a porcentaxe de poboación galega, actualmente, que non ten acceso a internet no entorno rural e, polo tanto, non pode acceder á banca electrónica?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas



Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/05/2017 12:38:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os datos estatísticos indícanos que Galicia está sufrindo un intenso proceso de exclusión financeira que afecta a dúzias de concellos e miles de persoas, un proceso que de forma paralela se da no conxunto do Estado. Segundo o artigo académico titulado “El acceso a los servicios bancarios en España. El impacto de la reducción del número de oficinas” e elaborado polo Ivie, no 2015 había en España 1.127.853 habitantes (o 26% do total) sen acceso a unha sucursal bancaria no seu municipio de residencia. No caso galego, dita poboación superaba as 61.000 persoas, o que equivale aproximadamente o 2,2% do total. Destaca o caso de Ourense con 30.313 persoas que non teñen acceso a ningunha oficina bancaria no seu Concello.

Cando nos centramos no número de Concellos que viron desaparecer as oficinas bancarias, segundo o informe sinalado no parágrafo anterior, acadaron os 41. Así, a provincia da Coruña mantiña 11 concellos sen oficinas bancarias, Lugo 4, Ourense 25 e Pontevedra 1. Son datos que se corresponden a 2015 e polo tanto non permiten coñecer a situación real do proceso de exclusión financeira que se agravou dende entón.

Ben é certo que durante os últimos anos da fase de expansión económica, 2006-2009, en Galicia o número de oficinas bancarias superaban as 2.500. Mais a partir do 2009 e coincidindo co proceso de reestruturación bancaria que implicou a bancarización das caixas de aforro, o número de oficinas bancarias na nosa Comunidade Autónoma comezou a decrecer moi intensamente. Deste xeito a



comezos do 2017, Galicia contaba con 1.599 oficinas, una redución do 36% en 8 anos. Para poder comprender a dimensión de tal fenómeno, pódese indicar que en 1978 existían en Galicia 1.668 oficinas bancarias isto é, 69 oficinas máis que na actualidade. A este fenómeno habería que engadirlle a perda de emprego xerado, que dende que comezou o proceso de reestruturación bancaria está cuantificado en 6.000 traballadores menos no sector.

O exposto anteriormente deriva pois nun proceso de exclusión financeira coas súas correspondentes consecuencias sociais e económicas. O acceso ao mercado financeiro supón un aspecto clave na vida económica dos cidadáns e na dinamización do sistema produtivo, polo que a exclusión financeira pode fomentar a marxinalización de diferentes grupos sociais e, polo tanto, promover o empobrecemento dun territorio. O acceso o sistema financeiro, sen ningún tipo de exclusión, debe ser un dereito para toda a poboación e a privación de tal dereito supón o empeoramento das condicións de vida para dita poboación.

Como se dixo, os datos utilizados refírense ao final de 2015, pero a exclusión financeira seguiu medrando ata o día de hoxe, polo que o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Cre a Xunta que a maioría da poboación que se atopa nos concellos afectados pola desaparición de oficinas financeiras ten o coñecemento suficiente para empregar a banca electrónica?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas



Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/05/2017 12:39:02

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os datos estatísticos indícanos que Galicia está sufrindo un intenso proceso de exclusión financeira que afecta a dúzias de concellos e miles de persoas, un proceso que de forma paralela se da no conxunto do Estado. Segundo o artigo académico titulado “El acceso a los servicios bancarios en España. El impacto de la reducción del número de oficinas” e elaborado polo Ivie, no 2015 había en España 1.127.853 habitantes (o 26% do total) sen acceso a unha sucursal bancaria no seu municipio de residencia. No caso galego, dita poboación superaba as 61.000 persoas, o que equivale aproximadamente o 2,2% do total. Destaca o caso de Ourense con 30.313 persoas que non teñen acceso a ningunha oficina bancaria no seu Concello.

Cando nos centramos no número de Concellos que viron desaparecer as oficinas bancarias, segundo o informe sinalado no parágrafo anterior, acadaron os 41. Así, a provincia da Coruña mantiña 11 concellos sen oficinas bancarias, Lugo 4, Ourense 25 e Pontevedra 1. Son datos que se corresponden a 2015 e, polo tanto, non permiten coñecer a situación real do proceso de exclusión financeira que se agravou dende entón.

Ben é certo que durante os últimos anos da fase de expansión económica, 2006-2009, en Galicia o número de oficinas bancarias superaban as 2.500. Mais a partir do 2009, e coincidindo co proceso de reestruturación bancaria que implicou a bancarización das caixas de aforro, o número de oficinas bancarias na nosa Comunidade Autónoma comezou a decrecer moi intensamente. Deste xeito,



a comezos do 2017 Galicia contaba con 1.599 oficinas, una redución do 36% en 8 anos. Para poder comprender a dimensión de tal fenómeno, pódese indicar que en 1978 existían en Galicia 1.668 oficinas bancarias isto é, 69 oficinas máis que na actualidade. A este fenómeno habería que engadirle a perda de emprego xerado, que dende que comezou o proceso de reestruturación bancaria está cuantificado en 6.000 traballadores menos no sector.

O exposto anteriormente deriva pois nun proceso de exclusión financeira coas súas correspondentes consecuencias sociais e económicas. O acceso ao mercado financeiro supón un aspecto clave na vida económica dos cidadáns e na dinamización do sistema produtivo, polo que a exclusión financeira pode fomentar a marxinalización de diferentes grupos sociais e, polo tanto, promover o empobrecemento dun territorio. O acceso ao sistema financeiro, sen ningún tipo de exclusión, debe ser un dereito para toda a poboación e a privación de tal dereito supón o empeoramento das condicións de vida para dita poboación.

Como se dixo, os datos utilizados refírense ao final de 2015, pero a exclusión financeira seguiu medrando ata o día de hoxe, polo que o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Cal é a relación, segundo a Xunta, entre o proceso de oligopolización bancaria e a exclusión financeira que se está dando nunha gran parte do territorio?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/05/2017 12:39:16

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os datos estatísticos indícanos que Galicia está sufrindo un intenso proceso de exclusión financeira que afecta a dúzias de concellos e miles de persoas, un proceso que de forma paralela se da no conxunto do Estado. Segundo o artigo académico titulado “El acceso a los servicios bancarios en España. El impacto de la reducción del número de oficinas” e elaborado polo Ivie, no 2015 había en España 1.127.853 habitantes (o 26% do total) sen acceso a unha sucursal bancaria no seu municipio de residencia. No caso galego, dita poboación superaba as 61.000 persoas, o que equivale aproximadamente o 2,2% do total. Destaca o caso de Ourense con 30.313 persoas que non teñen acceso a ningunha oficina bancaria no seu concello.

Cando nos centramos no número de concellos que viron desaparecer as oficinas bancarias, segundo o informe sinalado no parágrafo anterior, acadaron os 41. Así, a provincia da Coruña mantiña 11 concellos sen oficinas bancarias, Lugo 4, Ourense 25 e Pontevedra 1. Son datos que se corresponden a 2015 e, polo tanto, non permiten coñecer a situación real do proceso de exclusión financeira que se agravou dende entón.

Ben é certo que durante os últimos anos da fase de expansión económica, 2006-2009, en Galicia o número de oficinas bancarias superaban as 2.500. Mais a partir do 2009, e coincidindo co proceso de reestruturación bancaria que implicou a bancarización das caixas de aforro, o número de oficinas bancarias na nosa Comunidade Autónoma comezou a decrecer moi intensamente. Deste xeito



a comezos do 2017 Galicia contaba con 1.599 oficinas, una redución do 36% en 8 anos. Para poder comprender a dimensión de tal fenómeno, pódese indicar que en 1978 existían en Galicia 1.668 oficinas bancarias isto é, 69 oficinas máis que na actualidade. A este fenómeno habería que engadirlle a perda de emprego xerado, que dende que comezou o proceso de reestruturación bancaria está cuantificado en 6.000 traballadores menos no sector.

O exposto anteriormente deriva pois nun proceso de exclusión financeira coas súas correspondentes consecuencias sociais e económicas. O acceso ao mercado financeiro supón un aspecto clave na vida económica dos cidadáns e na dinamización do sistema produtivo, polo que a exclusión financeira pode fomentar a marxinalización de diferentes grupos sociais e, polo tanto, promover o empobrecemento dun territorio. O acceso o sistema financeiro, sen ningún tipo de exclusión, debe ser un dereito para toda a poboación e a privación de tal dereito supón o empeoramento das condicións de vida para dita poboación.

Como se dixo, os datos utilizados refírense ao final de 2015, pero a exclusión financeira seguiu medrando ata o día de hoxe, polo que o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Cantas persoas viven en concellos nos que non hai actualmente ningunha oficina bancaria?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/05/2017 12:39:30



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 11 de maio de 2017 segundo informan varios medios de comunicación e unha nota de prensa de Ferroatlántica, esta empresa solicita a Augas de Galiza a modificación das restricións de concesión.

Cómpre recordar que xa a comezos do ano 2016 por unanimidade foi aprobada no Parlamento Galego unha iniciativa do BNG que recolle a imposibilidade da segregación entre actividade industrial e explotación eléctrica, tal como ademais ten ditaminado tanto o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza coma o Tribunal Supremo.

Desde entón, diante dos novos acontecementos coñecidos desde outubro de 2016 e diante da falta de claridade por parte da Xunta de Galiza antes as repetidas solicitudes de información por parte de traballadores, traballadoras, alcaldías da Costa da Morte e grupos da oposición, así como diante dos casos de corrupción asociados a Villar Mir coñecidos en abril e maio de 2017 e os feitos coñecidos o 11 de maio, fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai permitir o goberno galego algunha alteración concesional como a autorización de venda das centrais hidroeléctricas do Xallas?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2017 16:54:35

Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2017 16:54:46

Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2017 16:54:50



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/05/2017 16:54:54

María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2017 16:54:59

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2017 16:55:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinou recentemente un convenio de colaboración co presidente da Federación Galega de Pesca e Casting para a elaboración dun estudo para minimizar o impacto do corvo mariño grande sobre a pesca fluvial.

Desde hai un tempo a campaña de presión por parte de pescadores deportivos cara á fauna ictiófaga aumentou de intensidade, co obxectivo de que se tomen medidas de control da especie mencionada en particular desde as institucións.

A poboación invernante de corvo mariño grande aumentou no sur de Europa, principalmente debido ao aumento das taxas de supervivencia xuvenil no norte, onde as maiores colonias desta especie están localizados. Este aumento da poboación explícase polo aumento de recursos alimenticios dispoñibles, especialmente a través do aumento do número de explotacións de acuicultura industrial, a liberación masiva de peixes en encoros destinados a pesca deportiva e ao deterioro precisamente das condicións ambientais de moitas zonas húmidas onde proliferan ciprínidos, máis tolerantes á contaminación; este feito tamén é de especial importancia durante a invernada no sur de Europa e, de xeito moi especial, na Península Ibérica, como consecuencia da gran cantidade de encoros fluviaes existentes desde



hai 7 décadas. Debido a iso, no caso de tomarse medidas, estas deben ser deseñadas para reducir o acceso a estas fontes de alimento nas áreas de orixe e non aos descastes nas áreas de invernada, como recomenda o proxecto REDCAFE proxecto ('Reducir os conflitos entre Cormoráns e a Pesca nunha escala paneuropea ") (Carss, 2000).

Corvos mariños grandes, lontras ou garzas, son depredadores naturais, e o seu papel é fundamental para manter o equilibrio no ecosistema. De feito contribúen á que as poboacións piscícolas se manteñan máis sans e, polo tanto, garanten a súa viabilidade a medio e longo prazo. Varios estudos confirmaron que, a pesar do efecto da depredación por corvos mariños, os efectos sobre as reservas de peixes salvaxes non son significativos debido a que ao comer alevíns principalmente e non exemplares adultos, non interfere no ciclo reprodutivo destas especies. O Cormorán é unha especie migratoria, invernada nos ríos e costa do Norte peninsular. Non é unha especie alienígena, e moito menos invasiva.

Por todo o exposto formulamos a seguinte pregunta:

- En que estudos científicos se basea a Consellería de Medio Ambiente para afirmar que é preciso actuar para minimizar o impacto do corvo mariño grande sobre a pesca nalgúns zonas?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 11/05/2017 17:38:26

Antón Sánchez García na data 11/05/2017 17:38:37

Á Mesa do Parlamento

En relación ao escrito de rexistro de saída número 2638, **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan a seguinte reformulación á **Pregunta oral en Pleno**, sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda á Administración de Xustiza da elaboración dun protocolo de actuación para avaliar os resultados da aplicación do sistema de comunicación das resolucións xudiciais co dobre modelo que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos pola cidadanía (doc. núm. 8582).

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza, do 16 de abril de 2002, reconece que “todos temos dereito a que as notificacións, citacións, emprazamentos e requirimentos conteñan termos sinxelos e comprensibles, así como que as sentenzas e demais resolucións xudiciais se redacten de tal forma que sexan comprensibles polos seus destinatarios, usando unha sintaxe e estrutura sinxelas, sen prexuízo do seu rigor técnico”.

Como consecuencia deste texto e por primeira vez na Xustiza europea, os xulgados de familia de Oviedo teñen servido de experiencia piloto co método que se chama “Lectura Fácil”, posto que nestes xulgados hai dous casos de incapacidade con conservación da capacidade lectora comprensiva. O sistema consiste na comunicación das resolucións simultaneamente no formato habitual de redacción e nun modelo adaptado, que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos.

Desta maneira, achégase sen dúbida a Xustiza á cidadanía, dereito moito máis acentuado cando se trata de persoas que se atopan en situación de

discapacidade intelectual e ás que, polas súas concretas circunstancias, lles costa máis que ao resto aprender, comprender, se comunicar e, en particular, entender o senso e alcance das resolucións xudiciais. Diríase máis, non só cando se estea ante unha situación de discapacidade intelectual, senón tamén con relación a persoas maiores que ven mermadas algunhas facultades intelectuais polo paso da idade, á poboación inmigrante con escaso dominio do idioma, a persoas sen estudos que non saben ler nin escribir e, por extensión, a toda a poboación cando se enfronta a textos de certa especialización e complexidade técnica.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego a solicitude á Administración de Xustiza da elaboración dun protocolo que avalíe a posta en marcha dun sistema de comunicación das resolucións simultaneamente no formato habitual de redacción e nun modelo adaptado, que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/05/2017 20:25:15

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/05/2017 20:25:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/05/2017 20:25:27



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

Axencia Europea do Medicamento vén de aprobar o pasado 21 de abril, o primeiro fármaco denominado Nusinersen/Spinraza, para tratar @s persoas que padecen Atrofia Muscular Espiñal (AME). Así pois a urxencia desta pregunta vén motivada pola necesidade de axilizar todas as actuacións precisas para que o tratamento poida ser administrado canto antes.

Exposición de motivos

A Atrofia Muscular Espiñal (AME) é unha enfermidade neuromuscular de carácter xenético que se manifesta por unha perda progresiva da forza muscular. Isto ocorre debido á afectación das neuronas motoras da médula espiñal, que fai que o impulso nervioso non se transmita correctamente aos músculos e ocasiona a atrofia dos mesmos.

Existen catro tipos de AME, sendo o tipo 1 o máis grave, inclusive mortal,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e o tipo 4 o máis leve. Os síntomas que padecen as persoas que a padecen varían segundo o tipo, mais van desde a debilidade muscular, cansazo crónico, falta de reflexos, perda de masa muscular, tremores, infeccións respiratorias, escoliose, problemas de alimentación, imposibilidade de sentarse e desprazarse.

Segundo a información que nos trasladou GaliciaAME no noso país están diagnosticados 11 casos, dos cales 11 son de tipo 2, 5 de tipo 3 e 1 de tipo 4, con idades entre os 18 meses e os 60 anos

Ata o de agora a Ame non ten tratamento nin cura, centrándose os tratamentos en tentar manter a mellor calidade de vida d@s doentes, con terapias rehabilitadoras e ocupacionais. máis a investigación está avanzando moi rapidamente, ata o punto que a Axencia Europea do Medicamento acaba de aprobar o pasado 21 de abril, o primeiro fármaco denominado Nusinersen/Spinraza, para tratar esta doenza.

Esta aprobación trae esperanza @s enferm@s de AME, polo que é preciso axilizar todas as actuacións precisas para que o tratamento poida ser administrado canto antes, xa que para estas persoas o factor tempo é fundamental.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ente o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai realizar o Goberno galego para dar resposta as demandas das persoas enfermas de AME, especialmente no referido á



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración canto antes do novo fármaco Nusinersen/Spinraza?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2017 16:12:50

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola inmovilidade do Goberno galego ante os requirimentos da CNMC e a entrada en vigor do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, sen ningunha alteración das solicitadas nin pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, nin polo sector.

O sector do turismo a día de hoxe podemos consideralo como unha das actividades económicas máis importante para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorecer o reequilibrio territorial.

A tendencia de alugar a vivenda habitual por días ou por semanas, tanto por parte dos particulares como por parte dos turistas, pode ser entendido nalgunhas ocasións como competencia desleal, o que vai en contra da calidade dos destinos turísticos. Nada máis lonxe da realidade. Precisamente por iso é polo que existiu un gran consenso no sector da necesidade de regular esta nova tendencia.

O Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, debía nacer pois coa intención de establecer a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia e regular as vivendas de uso turístico sempre que cumpran os requisitos establecidos partindo dun consenso que, a todas luces, se ve que non existiu.

Hoxe en día, tanto a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, como a *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia* (CNMC) solicitan que se eliminen ou corrixan algúns dos aspectos que recolle o decreto xa aprobado, e que está a piques de entrar en vigor.

Grupo Parlamentario

Incluso o requirimento feito pola CNMC significa un paso previo ao xa anunciado, de non terse en conta o dito requirimento, contencioso-administrativo ante o TSXG. Considerando os antecedentes doutros contenciosos similares en distintos Tribunais Superiores de Xustiza, doutras comunidades autónomas como Madrid ou Canarias, nós manifestamos a necesidade de abordar de novo o tema e de buscar as vías de solución de maneira consensuada e dialogada.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cal é a postura do Goberno galego sobre o requirimento da CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia), no relativo ao Decreto 12/2017?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/05/2017 16:38:35

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2017 16:38:45

Julio Torrado Quintela na data 15/05/2017 16:38:54

A Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Na última semana do mes de abril de 2017 as xeadas causaron danos considerables nas denominacións de orixe vitivinícolas galegas. A avaliación de danos levada a cabo pola Consellería do Medio Rural determina unha afectación do 90% dos viñedos da denominación de orixe Monterrei, entre o 60% e o 70% en Valdeorras, un 30% na DO Ribeiro e, en torno a un 20% na DO Ribeira Sacra. Trátase de datos globais, aínda que hai zonas en cada unha das comarcas nas que a afectación foi total.

Nestes días que transcorreron dende as xeadas a prioridade da Xunta foi a avaliación dos danos producidos así como o traslado aos viticultores de toda a información necesaria sobre os traballos de recuperación do viñado. Por outra banda mantivéronse reunións cos viticultores afectados e traballouse en diferentes liñas de medidas destinadas a paliar os danos provocados polas xeadas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno urxente:

Cal é a avaliación que fai a Consellería de Medio Rural dos efectos das xeadas no sector vitivinícola galego así como das medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 15/05/2017 17:48:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/05/2017 17:49:09

Raquel Arias Rodríguez na data 15/05/2017 17:49:15

Silvestre Balseiros Guinarte na data 15/05/2017 17:49:23

Moisés Blanco Paradelo na data 15/05/2017 17:49:31

Carlos Gómez Salgado na data 15/05/2017 17:49:38

Daniel Vega Pérez na data 15/05/2017 17:49:46

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Jose Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás probas de avaliación de bacharelato e aplicación das reválidas en educación primaria no presente curso.

Xustificación da urxencia.

A implantación da LOMCE foi dende un primeiro momento obxecto de críticas e oposición da maioría da comunidade educativa do país, polos seus contidos homoxeneizadores e o seu afán privatizador.

Esta lei segregadora e elitista lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inqedanza e as incertezas en mestras, alumnas e familias.

Este caos e ausencia de información que sofren os centros dende o comezo da Lei, ten estes días unha nova evidencia da falta de planificación como son as resolucións polas que se ditan as instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria ou a resolución polo que se ditan as instrucións para a realización da avaliación de bacharelato.

A piques de rematar o curso, apenas so un mes antes, a Consellería de Educación saca a resolución de 8 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2016-2017 na que fan públicas as datas das probas, 23 e 24 de maio, con menos de dúas semanas de antelación. Non só iso, senón que é precisamente a data, a única información que teñen os centros seleccionados a día de hoxe. Nin no que atinxe ao formato nin aos contidos específicos.

Cuestión similar a que acontece coa información dispoñible sobre as probas de avaliación de bacharelato para o acceso a universidade para o curso 2017-2018.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral no Pleno, con carácter Urxente:**

Considera suficiente a Consellería o prazo e a información da que dispoñen os centros para a realización e preparación das probas?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/05/2017 18:15:52

Antón Sánchez García na data 15/05/2017 18:15:57

Carmen Santos Queiruga na data 15/05/2017 18:16:06

Paula Vázquez Verao na data 15/05/2017 18:16:15



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/05/2017 18:16:18

Juan José Merlo Lorenzo na data 15/05/2017 18:16:25

Eva Solla Fernández na data 15/05/2017 18:16:28

Luca Chao Pérez na data 15/05/2017 18:16:31

Paula Quinteiro Araújo na data 15/05/2017 18:16:34

Magdalena Barahona Martín na data 15/05/2017 18:16:38

José Manuel Lago Peñas na data 15/05/2017 18:16:41

Francisco Casal Vidal na data 15/05/2017 18:16:45

David Rodríguez Estévez na data 15/05/2017 18:16:49

Marcos Cal Ogando na data 15/05/2017 18:16:52



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que ten previsto facer o Presidente da Xunta para evitar o “pelotazo” que pretende Ferroatlántica coa venta das centrais do Xallas?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2017 12:36:00

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, cales son as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en materia de infraestruturas?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/05/2017 18:18:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

A que intereses serven as decisións do Presidente da Xunta de Galicia nos temas transcendentales para o noso país?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 15/05/2017 18:23:22



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727